



O prezo xusto

Cal é o custo de produción xusto nunha granxa? A resposta será máis ou menos difícil dependendo da vontade de entenderse entre os gandeiros e a industria láctea. Propóñovos un exemplo de consenso a través dun dos simuladores de cowsulting.

Manuel Fernández

Veterinario de Consuvel e webmaster de www.cowsulting.com

Desde que as últimas manifestacións de gandeiros sacaron á luz a necesidade de establecer prezos do leite por riba dos custos de produción e de que se lexislou a obrigatoriedade da súa aparición nos contratos a través do Real Decreto-ley 5/2020, do 25 de febreiro, que obriga a que cada operador lle aboe ao inmediatamente anterior un prezo igual ou superior

ao custo de produción de tal produto en que incorrese o devandito operador e que tamén prevé como novidade destacada a inclusión do custo de produción no prezo como elemento mínimo dos contratos, xa só queda unha cousa por definir: “Cal é o **custo de produción** xusto nunha granxa?”.

Esta pregunta pode ser moi difícil de responder ou moi fácil segundo a vontade das partes en entenderse.

O custo de produción basicamente é o conxunto de custos directos e indirectos, necesarios para a pro-


dución dunha mercadoría e parece que é ao que se refire a lei, pero hai algúns pasos importantes á hora de establecer un prezo que os cubra.

Para poder ser entendidos, os pasos pasarían por responder a unhas preguntas previas antes de meterse en materia e ímoslles chamar “acordos previos”, xa que sen eles sería imposible chegar a un acordo:

1. Que ingresos deben cubrir os custos de produción? Estas son as tres posibilidades:
 - a. Os ingresos por litro de leite deben cubrir os custos de produción por litro de leite.

► OS BAIXOS PREZOS DO LEITE NOS LINEAIS SON CONSECUCENCIA DIRECTA DA EXISTENCIA DE SUBVENCIÓNS AOS GANDEIROS QUE AO FINAL ACABAN TRASPASÁNDOSE AO PREZO FINAL E PERDENDO O SEU OBXECTIVO INICIAL

Distribución Ingresos



b. Os ingresos por litro de leite máis os ingresos non de leite, é dicir, ingresos por xatos e vacas vendidos, deben cubrir os custos de produción.

c. Os ingresos de leite máis os non de leite máis as subvencións deben cubrir os custos de produción.

Vexamos un exemplo real:

- Primeira posibilidade: custo do litro de leite (gastos fixos + variables) = 310 euros/tonelada

- Segunda posibilidade: custo do litro de leite = 310 - 19 (ingresos vacas) - 6 (ingresos xatos) = 285

- Terceira posibilidade: custo do litro de leite = 310 - 19 (ingresos vacas) - 6 (ingresos xatos) - 27 (subvencións) = 258

Na gráfica superior vemos en forma de porcentaxe a distribución de ingresos dunha granxa de exemplo:

A miña opinión respecto diso é que os ingresos por vacas e xatos sempre van existir na granxa e son fáciles ►►

Fabricantes de aceites vegetales y tortas oleaginosas

TORTA DE SOJA · COLZA · GIRASOL
LINAZA · HARINA DE MAÍZ Y CEBADA

También en producción ecológica



comercial@assa1949.com · www.aceitesdesemillas.com · Tel. +34 938 654 600
Priorat, s/n - Pol. Ind. La Borda - 08140 Caldes de Montbui (Barcelona) España

AS Aceites de Semillas

de prever, mentres que as subvencións non; por tanto, eu utilizaría o segundo criterio, usando 285 como custo de produción inicial (nese exemplo).

2. A composición do gasto por litro de leite debe cumprir uns criterios de eficiencia que se deben mover entre un escenario pesimista e un escenario optimista, ben definidos previamente.

a. Isto quere dicir que a un gandeiro cun rendemento de 1,2 litros por quilo de materia seca inxerida e un custo por quilo de materia seca de 0,24 (custo alimentación por tonelada de leite = 200 euros) a fábrica de leite non ten por que pagarlle a súa ineficiencia fronte a outro gandeiro que produza 1,6 litros por quilo de materia seca co mesmo custo por quilo (custo de alimentación por tonelada de leite = 150 euros). Máis ben o gandeiro debería corrixir a súa situación e, en todo caso, a fábrica pode tentar axudalo a conseguilo, aínda que non ten obriga. Entre un escenario optimista (1,6) e un pesimista (1,2) poderíase chegar á conclusión de que un valor de 1,3-1,4 cun custo por tonelada de materia seca = 240 sería razoable (equivale a 171-184 € custo alimentación/t leite). Por tanto, xa vemos que vai aparecendo o que poderíamos chamar “custos de produción razoables” que realmente deberían estar detrás dun prezo razoable. No exemplo que nos ocupa o custo de alimentación (vacas de leite) por tonelada de leite é de 178 (=razoable).

3. O custo de produción inclúe só gastos fixos + variables ou debe incluír tamén outros custos ocultos necesarios para que a actividade se manteña no tempo. Estamos a falar de amortización de bens e de custo de recría anual (equivalente ao concepto “amortización de vacas”):

- a. No exemplo que nos ocupa a amortización de vacas (ou custo de recría anuao) valórase nuns 24 euros/tonelada
- b. A amortización de bens no noso exemplo é de 22 euros/tonelada, aínda que pode chegar ata

a 40 euros/tonelada en granxas con sobreinvestimento; quizais un valor razoable podería ser de 25 euros/tonelada.

Aos 285 euros/tonelada de custos iniciais sería lóxico sumarlle os gastos de amortización, xa que queremos granxas que sigan a traballar e para iso deben gardar no peto diñeiro para amortizar bens que quedan obsoletos. Xa que logo, xa temos un custo de produción de $285 + 24 + 22 = 331$.

4. Ningunha actividade adóitase financiar con capital propio ao 100 %; en calquera negocio adóitase asumir unha porcentaxe de endebedamento. Iso non quere dicir que unha granxa excesivamente endebedada teña que ter un prezo maior senón que quizais debería resolver o seu problema antes de optar polo seu prezo xusto.

a. Na nosa granxa aparecen uns custos financeiros de 6 euros/tonelada, en granxas que non tiveron acceso a subvencións é común ter eses graos de endebedamento, ao contrario pasa coas que custearon instalacións etc. a base de subvencións. Non é o mesmo endebedarse para pagar un carro *unifeed* de 60.000 euros que acceder a el a partir dunha subvención. Por tanto, situámonos nun custo de $331 + 6 = 337$.

5. Aos gastos antes de impostos fáltalles engadir precisamente a previsión de ter diñeiro líquido para pagalos. Con todo, a xestión financeira de cada granxa é diferente e o nivel de tributación é variable. Haberá que pensar nunha porcentaxe de gastos de tributación lóxico.

a. Deixaremos estes gastos de lado, aínda que sen esquecermos de que existen.

6. As granxas deben evolucionar e, se se lles quere pedir modernización, débese permitir que os ingresos por litro de leite permitan pagar unha partida para reinvestir beneficios na propia granxa deixando unha marxe razoable para poder abordalas. Se non queda beneficio despois dos impostos non se pode decidir entre pagar beneficios ou reinvestir. Daquela, deberíase convir un beneficio despois de impostos razoable.

a. Por tanto, pensar nun 2 % máis de ingresos para poder ►►

► A POSTA EN MARCHA DO REAL DECRETO-LEI 5/2020, DO 25 DE FEBREIRO, FIXO MÁIS DIFÍCIL A NEGOCIACIÓN DE PREZOS DE FORMA AMBIGUA, PERO AÍNDA NON SE VE QUE SE ABORDEN OS CRITERIOS DUNHA FORMA CLARA

A tractor is driving away from the viewer on a dirt path through a cornfield. The sky is filled with dramatic, colorful clouds in shades of orange, yellow, and blue, suggesting a sunset or sunrise. The corn plants are green and tall.

**SER UN BUEN
PROFESIONAL
ES SABER LO
QUE HACES.**

**UCOGA. PROFESIONALES QUE
AYUDAN A PROFESIONALES.**

EXPERTOS EN SEGUROS AGRARIOS



ucoga
CORREDURÍA DE SEGUROS

#QUIENTECUIDA

reinvestir podería ser razoable, así que ao prezo de 337 deberíamos de subilo a 343.

Toda esta situación deseñámola a partir do suposto de cubrir gastos con ingresos de leite máis non de leite.

Se incluísemos as subvencións de explotación (directas = PAC) no exemplo actual sería suficiente con pagar a 316 (27 euros/tonelada de subvención). Hai que ter en conta a existencia de subvencións de capital que se poden sumar ás anteriores e o prezo podería baixar máis.

Entón está moi claro que no tema de manexar prezos xustos que cubran gastos hai que ter en conta o escenario de que pasaría se non existisen subvencións. A resposta para min está clara, o prezo do leite debería subir dos prezos actuais (320) a aqueles que permiten que as granxas sexan rendibles (345) sen subvención e as subvencións non deberían ser un soldo para o gandeiro senón que se deberían reinvestir en promoción da actividade e en subvencionar a carga financeira que supón establecer o negocio para novos gandeiros.

Tampouco é xusto que a empresa láctea pague a 345 e o gandeiro siga cobrando a mesma subvención, porque equivale a que este ingresa no noso exemplo $345+27$ (subvención) = 372.

Por iso, sinto dicilo pero unha das causas de que os prezos do leite sexan baixos é que se paga tendo en conta os ingresos dos gandeiros por subvencións.

Que pasaría se a empresa láctea tivese que cargar eses 0,27 € (correspondentes á subvención) ao tetrabrik final? Efectivamente, non encontraríamos leites no lineal por baixo de 0,9, o cal non creo que fose ningún problema para o consumidor.

É máis, se alguén quere a miña opinión, os baixos prezos do leite nos lineais son consecuencia directa da existencia de subvencións aos gandeiros que ao final acaban traspasándose ao prezo final e perdendo o seu obxectivo inicial.

É posible que este tipo de consideracións se dialogasen xa entre gandeiros e empresa láctea pero, ás veces, non interesa abordar os acordos desta forma tan clara, o que permite negociar de forma xenérica.

A posta en marcha do Real Decreto-lei 5/2020, do 25 de febreiro, fixo máis difícil a negociación de prezos de for-

ma ambigua, pero aínda non se ve que se aborden os criterios dunha forma clara. Segue a ser máis práctico por unha banda que se cobra por baixo de custos e pola outra que se paga por riba destes no canto de concentrarse nun criterio común na forma de calcular os custos que queremos cubrir e con que ingresos se deben financiar. O que dende logo esqueceu o real decreto (evidentemente non por casualidade) é que nas negociacións coas grandes áreas as empresas lácteas non poden facer valer que non lle poden pagar ao gandeiro por baixo dese custo. As grandes áreas simplemente impoñen un prezo de compra que lles permita manter o seu prezo de 0,6 no lineal.

COMO CHEGAR A UN ACORDO

Despois desta primeira parte do artigo un pouco máis filosófica agora vou desagregar sobre unha conta de explotación tipo un exemplo baseado nun dos nosos simuladores, que estará dispoñible en www.cowculations.com, de como se poden acordar criterios conxuntos do que serían os custos dunha granxa razoablemente efectiva.

Este exemplo podería valer para, cambiando os criterios de custos nun escenario optimista e nun escenario pesimista, deixar parametrizado o prezo de leite con base nos custos de produción razoables. Só fai falta unha premissa fundamental: ter vontade de facelo.

A clave é saber se o prezo sostén un ISGA (ingresos sobre gastos de alimentación) suficiente baseado nuns GFA (gastos fóra de alimentación vacas de leite) razoables.

Xa dixemos que o primeiro é determinar uns acordos previos.

Con todo atrevome a poñer un exemplo, sen pretender dar os datos reais, só son un exercicio (os datos reais deberíalos xerar o sector):

O exemplo

- O obxectivo debería ser fixar cal debe ser o ISGA (en porcentaxe) razoable para cada período. No noso exemplo poderíamos fixar que o prezo do litro de leite debe deixar libre un 50 % de ingresos sobre gastos de alimentación de vacas de leite
- O acordo previo (no noso exemplo) podería ser o seguinte: os ingresos cobren os gastos de produción de litro de leite descontando ingresos por xatos e vacas a matadoiros e ►

► ESTE EXEMPLO PODERÍA VALER PARA, CAMBIANDO OS CRITERIOS DE COSTOS NUN ESCENARIO OPTIMISTA E NUN ESCENARIO PESIMISTA, DEIXAR PARAMETRIZADO O PREZO DE LEITE CON BASE EN COSTOS DE PRODUCCIÓN RAZOABLES

Kiwi

KINGBOY x SNOWMAN x BAXTER

GARANTIZADO



Wolfhard Schulze

A-L-H KINGBOY AQUARIUS ET (VG-87) Hermana completa de KIWI

KIWI: el valor seguro de un líder a2a2

- Altas producciones con muchísima grasa.
- Extraordinarias ubres y muy buenas patas.
- Vacas longevas y resistentes a las mamitis.
- De una familia de vacas de ensueño: KHW Goldwyn Aiko EX-91 y Durham Altitude EX-95.



GEN-I-BEQ SNOWMAN AKILIANE ET (EX-91)



ESCOLMO, S.L.

Distribuidor para Galicia y Asturias
Rúa Magnolia, 80, bajo
27003 LUGO
Tfno. (+34) 982 217 633
Fax (+34) 982 213 144
e-mail: escolmo@gmail.com



aberekin

Alta fertilidad
Genética de Confianza

www.aberekin.com



sumando gastos de amortizacións de vacas e bens, tentando deixar unha marxe para gastos financeiros e reinvestimento.

Os elementos iniciais que nos fan falta saber son catro:

1. Prezo actual do leite; exemplo: prezo = **330 €/t** + IVE (inclúe calidades e primas)
2. Tamaño de granxa (vacas en muxidura); exemplo: **100 vacas**
3. Media litros/vaca/día; exemplo: **33 lt/vaca/d**
4. GFA (gastos fóra de alimentación razoables)

Parámonos a desagregar este aspecto, que é clave:

Gastos variables diferentes a “alimentación vacas leite”: 27,4

Concepto	Necesita	Valor	€/t
Alimentación vacas secas	Custo/vaca/día % vacas secas	1,9 15 %	10,4
Sanidade e reprodución	€/vaca/mes	15	17

Gastos fixos: 85,6

Concepto	Necesita	Valor	€/t
Persoal	Litros/UTH/ano SMI* Veces por riba	350.000 13.300 €/ano 1,2 veces	45
Subministracións	€/vaca/ano	140	11,5
Mantemento	€/vaca/ano	130	13
Medio ambiente	€/vaca/ano	20	1,9
Gastos xerais	€/vaca/ano	100	9,5
Camas	€/vaca/ano	50	4,7

*SMI = Salario Mínimo Interprofesional

Investimento en recría anual: 37

Concepto	Necesita	Valor	€/t
Descarte vacas %	Descarte % Morte en granxa %	28	
Mortalidade xovencas %	Libro de movementos	10	
Idade primer parto	Dato	26	
Xovencas presentes/ano	Fórmula	72	
Custo medio xovenca/día	Custo máximo = custo centros de recría	1,7	37

Outros conceptos: 19

Gastos	Necesita	Valor	€/t
Amortización bens	€/vaca/ano	200	19
Gastos financeiros	€/vaca/ano	en branco	
Reinvestimento na granxa	€/vaca/ano	en branco	

Outros ingresos (considerados como menos gasto): 16

Ingresos de non leite	Necesita	Valor	€/t
Ingresos por xatos	% vacas secas Mortalidade xatos Ingresos por xatos	15 10 70	3
Ingresos por vacas matadoiro	Descarte % Mortalidade en granxa Ingresos	28 5 700	13

Suma de gastos fóra de alimentación de vacas de leite:

$$\blacktriangleright 27,4 + 85,6 + 37 + 19 - 16 = 153 \text{ €/tonelada}$$

Logo se cobramos a 330, quedámonos $330 - 153 = 177$ €/tonelada como gastos de alimentación.

Notas

- Baixo o meu punto de vista unha empresa de leite tampouco ten por que pagar gastos “non razoables” como unha mortalidade na recría do 20 %, unha idade ao primeiro parto de 30 meses, un intervalo entre partos de 440 días ou uns gastos de sanidade e reprodución de 25 euros/vaca/mes... En todos eses casos o gandeiro ten un problema que resolver que non se resolve pedindo un prezo máis alto.
- O mesmo pasa co gasto de alimentación de vacas de leite, o principal

(ese gran esquecido) terá que saír do caixón nalgún momento.

Pasos finais

Custo de alimentación derivado dese ISGA mínimo para a produción de 33 lt/v/día.

- Deducímolo sabendo o custo do kg de materia seca (por exemplo 0,241 €/kg MS) multiplicado por quilos de materia seca (por exemplo 24 kg) = 5,8 €/vaca/día (custo de alimentación por vaca e día), comparándoo cos litros producidos (33 lt/v/d no noso exemplo).
- 5,8 €/vaca/día dividido por 33 lt/vaca/día = 0,175 €/litro leite = 175 custo de alimentación en €/tonelada de leite (preto dos 177 que tiñamos dispoñibles)
- **Este dato é o motor da economía da granxa.**

Vexamos a ración, a ver se vos parece adecuada para facer 33 litros (eu creo que si):

COMPONENTE	Kg/v/d	€/Ton	MS (%)	PB (%)	FAD (%)	FND (%)	ALMI (%)	UFL
SILO MAIZ	25	42	30	6.5	30	47 %	33 %	0.9 %
SILO HIERBA	20	52	30	12	42	60 %	0 %	0.7 %
MEZCLA	12	310	88	22	5	10 %	31 %	1.01 %

	Kg/v/d	€/v/d	MS (Kg)	MS (%)	FORRAJE (%)	PB (%)	FAD (%)	FND (%)	ALMI (%)	ALMI (Kg)	UFL/Kg MS
RESU RACION	57	5.81	24.06	42.2	56.1	16	22.3	34.6	25.7	6.2	0.96

gasto da empresa, un custo de 210 €/tonelada de leite non é razoable cobrando a 330 €/tonelada porque nos deixaría un 36 % da 330 €/tonelada que cobramos para pagar todo o que non é alimentación, necesitaría un prezo de 381 €/tonelada para deixarnos un 55 % dos ingresos para pagar todo o que non é alimentación e que a empresa tivese bos resultados.

- Con todo, cando as materias primas marcan unha subida excesiva do custo de alimentación de vacas de leite, que é o gasto principal nunha granxa, o ISGA mínimo que sostén eses gastos fóra de explotación razoables comprometen a sustentabilidade do modelo.
- Ata agora as subvencións corruxiron todas estas situacións, pero o escenario a non moi longo prazo vai ser de restricións nas subvencións e de moita maior esixencia á hora de cumprir requisitos para cobralas; por tanto, a xestión económico-técnica da granxa


De feito, na valoración que fai o simulador de cowsulting aparece que o leite potencial é 38 (nota: a real respecto da potencial adoita ser un 10-15 % menos o que o deixa nuns 34-35 litros, que seguramente sería o real).

Sus calidades son... Grasa 3.7 % y Proteína 3.2 % y cobra la leche a 330 € / ton

Ración VACAS L:	P.Leachero: 38.8 lt	241 €/Ton MS	176 €/ton leche	5.81 €/día	ISGA: 47%
1: General... 57 Kg MF con 42.2% de MSeca y 56.1% de Forraje	Forraje/Conc.: correcto			Humedad: correcto	
2: Ingesta... 24.06 Kg MS				Litros/kg MS: 1.37	
3: Proteína... 16% PB				Lt pot.: 38.2	Ef.Proteica: 27.7%
4: Energía... 23.07 UFL				Lt pot.: 38.8	0.96 UFL/Kg MS Ef.Energ. 85%
4-1: H.C. No Fibrosos... Almidón 25.7% - 6.2 kg				correcto	
4-2: H.C. Fibrosos... FND: 34.6% - FAD: 22.3%				correcto	

Aínda que o ISGA non chega ao 50 % que buscábamos (330-175)/330 = 47 %, pero case, ou vendo dunha forma gráfica como imos acumulando custos desde o

que menos nos custa ao que máis nos custa, chegamos a que a última columna (verde) de ingresos totais estea por riba da penúltima (azul) de gastos totais. ➡



Lt : €/v/d	4.06	4.56	5.06	5.56	6.06	6.56	7.06	7.56	8.06	8.56	9.06	9.56
25	162	182	202	222	242	262	282	302	322	342	362	382
26	156	175	195	214	233	252	272	291	310	329	348	368
27	150	169	187	206	224	243	261	280	299	317	336	354
28	145	163	181	199	216	234	252	270	288	306	324	341
29	140	157	174	192	209	226	243	261	278	295	312	330
30	135	152	169	185	202	219	235	252	269	285	302	319
31	131	147	163	179	195	212	228	244	260	276	292	308
32	127	143	158	174	189	205	221	236	252	268	283	299
33	123	138	153	168	184	199	214	229	244	259	275	290
34	119	134	149	164	178	193	208	222	237	252	266	281
35	116	130	145	159	173	187	202	216	230	245	259	273
36	113	127	141	154	168	182	196	210	224	238	252	266
37	110	123	137	150	164	177	191	204	218	231	245	258
38	107	120	133	146	159	173	186	199	212	225	238	252
39	104	117	130	143	155	168	181	194	207	219	232	245

CONCLUSIÓN

Neste exemplo concreto cun 47 % de ISGA sobre gastos totais de alimentación sería suficiente.

Nota importante: os datos que se poñen no artigo non teñen por que corresponder á realidade; o que se pon enriba da mesa é que, acordando os gastos razoables fóra de alimentación, chegamos á conclusión do ISGA (en %) razoable que ten que haber nunha granxa e ese ISGA lévanos a un custo de alimentación por vaca e día que pode ser viable ou non segundo prezos de materias primas.

RESUMO DA METODOLOXÍA DE TRABALLO DO NOSO SIMULADOR

Ese é o fluxo que se propón:

0. Chegar a uns acordos previos (xa visto)
 1. A clave é discutir sobre os gastos fóra de alimentación de vacas de leite razoables:
 - 153 €/t no noso exemplo
 2. Calcular o ISGA en porcentaxe que sae dese razoamento tendo en conta o prezo medio que se está a pagar (sen IVE e con calidades)
 - 153/330 = 46,5 %

3. Calcular os GA (gastos de alimentación) por tonelada de leite dado un prezo e uns GFA razoables.


- $ISGA\ 330-153 = 177\ €/t$

4. Ver se ese custo por tonelada de leite deixa un custo de alimentación por vaca e día compatible coa produción. Para iso pódenos axudar a táboa que vemos despois da gráfica:

- $177\ €/t/33\ litros = 5,4\ €/vaca/día$ (custo de alimentación vaca/día)

5. Responde ese custo de alimentación de 5,4 €/vaca/día para producir 33 litros por vaca? É necesaria a elaboración de racións tipo segundo os diferentes sistemas de produción existentes (en condicións razoables) para ver se se pode conseguir entrar dentro da táboa anterior xunto co custo de elaboración de silos (sen incluír traballos propios) para poder darlle resposta a esta pregunta. ■

FLUXO DE TRABALLO



NOTA DO AUTOR


www.cowsulting.com como ferramenta de xestión económico-técnica (e non ao revés) e www.cowculations.com como escarapate de simuladores gratuitos usados dentro de cowsulting están a disposición do sector se nalgún momento estas ferramentas se consideran necesarias.



RumenSmart™

NUEVO

¡ AUMENTA LA GRASA !



RumenSmart™

Solución inteligente para aumentar la grasa de la leche

Alimenta con RumenSmart™

- ✓ Incrementa la grasa láctea
- ✓ Promueve una población bacteriana ruminal benéfica
- ✓ Reduce la depresión de la grasa láctea inducida por la dieta

Confía en Adisseo, líder mundial en nutrición con aminoácidos en rumiantes desde los 90s.

Contacta hoy mismo con nuestro equipo técnico.

☎ +34974316092 @ Info.nasp@adisseo.com



www.adisseo.com

ADISSEO
A Bluestar Company

RumenSmart: alimenta para aumentar la grasa




La evolución de la producción en España, centrada en la cantidad de la leche, ha llevado a la selección de animales cada vez más productivos, descuidando en cierto modo el porcentaje de grasa. Sin embargo, la grasa en uno de los componentes fundamentales de la leche y su incidencia sobre el precio es directa: cuanta más cantidad, mayor precio por litro, hasta un límite. Por esta razón, uno de los aspectos clave para aumentar la rentabilidad de las explotaciones puede ser mejorar el porcentaje de grasa.

El contenido de grasa en leche depende de multitud de factores.

El momento de producción afecta directamente. Así, los primeros días de la lactación hay una mayor cantidad de grasa en leche debido a la movilización de los lípidos de reserva, pero después va disminuyendo a medida que va avanzando la lactación y aumentando la producción lechera para, al final del periodo productivo, incrementar-se otra vez el porcentaje de grasa. De este modo, la curva del porcentaje de grasa es inversa a la de la producción lechera.

El factor ambiental también es importante. De sobra es sabido el efecto negativo que produce el estrés térmico sobre la calidad de la leche, que hace que en las épocas de verano disminuya significativamente la cantidad de grasa.

No obstante, la nutrición y el manejo de la ración son los dos factores que más pueden afectar al porcentaje de grasa en leche. La grasa de la leche está compuesta principalmente por triglicéridos, ésteres de ácidos grasos que en su mayoría proceden de la fermentación ruminal. Hay aspectos como el pH ruminal, la grasa añadida, el contenido en fibra y el tamaño de partícula que inciden directamente sobre la fermentación ruminal y que, por ese motivo, afectan al contenido en grasa de la leche. Incidiendo en estos aspectos es posible mejorar el contenido de grasa en leche. La dificultad radica en hacerlo de una forma eficiente y rentable para el ganadero, es decir, en conseguir aumentar la grasa mejorando la rentabilidad de la explotación.



Los ácidos grasos secretados en leche tienen un doble origen: los procedentes de la alimentación, que son el porcentaje mayor, y los producidos de "novo síntesis" en la glándula mamaria a partir de otros ácidos grasos, como el acético y el butírico, que provienen de la fermentación ruminal. En cualquier caso, una adecuada fermentación ruminal afecta de forma positiva a la producción de grasa láctea.

Para conseguir este beneficio, además de trabajar sobre las características nutricionales de la ración, confeccionando dietas lo más eficaces posibles, podemos utilizar nuevos productos que nos permitan mejorar el porcentaje de grasa de una manera rentable.



RumenSmart™


Solución inteligente para aumentar la grasa de la leche

Adisseo, fiel a su misión de **aportar soluciones nutricionales para la ganadería**, ha desarrollado un producto encaminado a conseguir este aumento de grasa en leche: **RumenSmart**.

RumenSmart es una sal cálcica de hidroxianálogo de metionina específica para rumiantes que actúa sobre la población microbiana del rumen, corrigiendo los efectos negativos de la dieta sobre la síntesis de ácidos grasos.

Utilizado desde hace años en Estados Unidos y México desde mayo hasta septiembre, se ha conseguido un aumento del porcentaje de grasa de dos décimas, lo que supone un importante aumento de los ingresos por la venta de leche.

En Francia (ver gráfica inferior izquierda), durante el mes de agosto se realizaron pruebas para constatar su eficacia, consi-



guiendo una mejora de la calidad de leche, comparada con el año 2019, de hasta **2,3 gramos más de grasa por litro de leche**.



En España también se han realizado estudios para valorar el beneficio de la incorporación de **RumenSmart** sobre la grasa de la leche. Tras valorar la ración, se ajustó la dosis del producto para conseguir mejorar la tasa butírica sin perjuicio de la calidad y seguir manteniendo los 41 litros de pro-

ducción. Se consiguió un aumento importante de grasa, 2,5 gramos por litro de leche, aunque lo más importante es la clara evolución de la grasa durante la utilización de **RumenSmart** y la caída que se produce tras su retirada.

En conclusión, **RumenSmart** permite trabajar sobre la ración para aumentar la tasa butírica y mejorar la rentabilidad de la explotación. Misma leche, más grasa, más ingresos.

RumenSmart contrarresta la caída de grasa en leche durante el mes de agosto

Comparativa de la evolución de grasa en leche julio-agosto; 2020 vs. 2019



+34974316092

Info.nasp@adisseo.com



www.adisseo.com

ADISSEO
A Bluestar Company